
CENORIA BAR
Menú do día
5€
-tortilla de cenoria
-pinchino de cenoria, coliflor e queixo derretido

# Cenoria Bar

En Colifornia, nun dos barrios da cidade máis importante, había un restaurante chamado "Cenoria Bar" ó que acudía xente de todos os lugares. O seu cociñeiro, un coello branco chamado Leoncio, preparaba a mellor tortilla de cenoria do mundo e todos os que ían non marchaban sen probar o delicioso batido de cenoria e amorodo. O lema do restaurante era "Cenorias para todos e todos enerxéticos".

O local era enorme e con xanelas moi grandes. Un día, Leoncio quedou sen cenorias na despensa e o súper xa pechara. Aquela noite ían cear dous importantes cantantes que querían probar a tortilla de cenoria, os pinchiños de cenoria, coliflor e queixo derretido; e, de postre, os dadiños de cenoria recubertos de caramelo e bañados en chocolate fundido. Toda unha delicia.

Ás dez en punto chegaron David Bogavante e Avispal, que tiñan moita fame.

- Boasss noitesss, cabaleirosss... Passsen por aquí - dixo a

camareira Esssesss.

mentres Esssesss entretiña ós famosos cantantes, Leoncio chamou por teléfono ó seu amigo Nachos, un lobo que tiña unha finca con cenorias, e que vivía en Guacamole. Nachos correu moitos quilómetros ata o Cenoria Bar cunha caixa repleta das ricas hortalizas. Ó chegar, Leoncio estaba tan contento que o convidou a cear.

Leoncio serviu el mesmo os pratos e contoulle ós cantantes o sucedido. David Bogavante e Avispal convidárono a sentarse á mesa e aceptaron que Nachos cease con eles.

Ó probar a tortilla, Avispal só puido dicir:

-Isto está incrible...

Tan rica estaba a cea que os cantantes falaron de Cenoria Bar a todos os seus amigos, e o restaurante fíxose máis famoso do que xa era.

